

## **A voltas co cómputo do 2009...**

### **A voltas co cómputo do 2009...**

25/3/10.

Son ben coñecidos por tod@s os atrancos que pon a empresa cada vez que se solicita un día de libre disposición. A todo isto debemos sumarlle agora as trabas que están a presentar en algunhas tendas para que estes días sexan computados como xornadas efectivas de traballo incluídas na xornada máxima anual recoñecida no convenio de comercio vario.

Os problemas xurden cando a empresa leva a cabo o recuento das horas realizadas o ano pasado nas tendas de Compostela e Ferrol e aos días de asuntos propios danlle un valor "0" no cuadrante das traballadoras, isto é, considéranos licencias recuperables e diferentes do resto dos permisos retribuídos que recolle o noso convenio.

Consideramos este feito inxusto e discriminatorio xa que no convenio non se fan distincións entre as licencias ás que teñen dereito @s traballador@s. Polo tanto, é un permiso que faculta ao traballador a non prestar servizo durante dous días, computándose como traballada a xornada laboral que tiña fixada no calendario anual. Para rematar, informámosvos que foron postas a disposicións da empresa varias sentenzas favorables aos nosos posicionamentos e estamos á espera dunha resposta nos próximos días.